

"Prego de prescricións técnicas para a contratación de servizo de seguridade privada do Parque da Milagrosa

Introdución

Tal e como recolle a exposición de motivos da Lei 23/1992, do 30 de xullo, a seguridade representa un dos piares básicos da convivencia e, polo tanto, a súa garantía constitúe unha actividade esencial á existencia mesma do Estado moderno que, en tal condición, se exerce en réxime de monopolo polo poder público. Non obstante, progresivamente estendeuse por todas as sociedades do noso contorno a realización de actividades de seguridade por outras instancias sociais ou axentes privados, chegando a adquirir nas últimas décadas un auge ata agora descoñecido. De aí que países como Bélxica, Francia, o Reino Unido ou Italia aprobaran recentemente leis de nova planta ou modificaran a súa anterior lexislación para integrar funcionalmente a seguridade privada no monopolo da seguridade que corresponde ao Estado.

O desenvolvemento da seguridade privada que se produciu no noso país, a partir da primeira regulación deste tipo de prestacións de servizos, en 1974, obriga a revisar o tratamento legal para permitir un control eficaz do elevado número de empresas do sector e dos actuais vixilantes xurados de seguridade, cuxa existencia non pode ser cuestionada, toda vez que se trata dun medio de prevención do delito e contribúe, polo tanto, ao mantemento da seguridade pública. Ademais debe terse en conta que a presenza de vixilantes en controis de acceso e seguridade interior non adoita ter unha transcendencia externa que prexudique o quefacer dos corpos de seguridade, porque están chamados a actuar como elementos colaboradores en tarefas que dificilmente poderían cubrir por si sós.

Do exposto despréndese que, aínda cando a seguridade pública corresponde en réxime de monopolo ao Estado, non obstante a Lei permite que a seguridade privada participe en tal actividade **co carácter de servizo complementario, subordinado e colaborador do Estado, no que debe incluírse así mesmo a Administración local, ao non estar excluída pola mencionada Lei 23/92.**

De calquera forma, debe sinalarse que a actividade de vixilancia e protección de instalacións ou edificios supón unha finalidade de previr ataques ou agresións externas contra eles, de tal maneira que as devanditas condutas ou actividades ben por ser de carácter pasivo con finalidade disuasoria non requiren ser exercidas por axentes da autoridade ou ben de acordo coa finalidade que a Lei 23/92 sobre seguridade privada dota as persoas que a exercen, os ditos vixilantes privados, ante unha eventual actuación positiva respecto de cidadáns que

ameacen ou ataquen a integridade de edificios ou instalacións municipais, os ditos vixilantes actuarán sempre como colaboradores ou auxiliares dos axentes da autoridade.

1. - OBXECTO DO CONTRATO

O obxecto deste contrato é a prestación do servizo de seguridade privada sen armas, para a vixilancia do parque da Milagrosa, espazo delimitado entre as rúas Río Narla, avda. da Coruña, rúa Monte faro e avda. Infanta Elena durante 24 horas ao día todo o ano, conforme ás prescricións técnicas que figuran neste prego e ás que, se é o caso, se unan como anexo a este.

2. - LUGAR

A prestación do servizo ou exercicio da actividade levarase a cabo nos lugares e na forma que a continuación se detallan:

a) En todo o recinto acoutado do denominado parque da Milagrosa, incluída a vixilancia dos edificios municipais que se atopan dentro do recinto.

No que respecta ás funcións para desenvolver, hai que distinguir dous supostos claramente diferenciados.

Por un lado a que se refire ás funcións de seguridade e vixilancia dentro dos recintos pechados cuxas funcións consistirán, conforme ao previsto na Lei de seguridade privada e o seu Regulamento de aplicación os vixilantes de seguridade, en:

- Exercer a vixilancia e protección de bens mobles e inmobles, así como a protección das persoas que poidan atoparse nestes.
- Efectuar controis de identidade no acceso ou no interior de inmobles determinados, ou recintos pechados, sen que en ningún caso poidan reter a documentación persoal.
- Evitar a comisión de actos delituosos ou infraccións en relación co obxecto da súa protección.
- Poñer inmediatamente a disposición dos membros das forzas e corpos de seguridade os delincuentes en relación co obxecto da súa protección, así como os instrumentos, efectos e probas dos delitos, e non poderán proceder ao interrogatorio daqueles.
- Efectuar a protección do almacenamento, reconto, clasificación e transporte de diñeiro, valores e obxectos valiosos.

- Colaborar cos servizos de apoio exterior (bombeiros, protección civil, servizos sanitarios, etc.) en relación cos plans de emerxencia e evacuación dos edificios públicos onde realicen as súas funcións.

No que respecta ás funcións para desenvolver nos lugares que non sexan interiores de edificios, non implicará labores de seguridade, senón, única e exclusivamente, de vixilancia, e consistirá en:

- A vixilancia e custodia de todos os elementos integrantes da infraestrutura prevista, se é o caso, para a celebración de eventos culturais, musicais e outros de análoga natureza para realizar dentro do recinto pechado como, por exemplo, a montaxe de escenarios, equipos de son, equipos xeradores, etc.
- A tarefa de vixilancia limitarase única e exclusivamente a comunicarlles aos servizos públicos de seguridade calquera incidencia que teña que ver coa protección dos bens mobles ou inmoables dentro do perímetro pechado do parque.

O exercicio das funcións que se citan na alínea correspondente serán desempeñadas polos vixilantes dependentes da adxudicataria, vestindo o uniforme e amosando o distintivo do cargo que sexan preceptivos, que serán aprobados polo Ministerio do Interior, conforme ao artigo 12.1 da Lei de seguridade privada, Lei 23/1992, do 30 de xullo. A adxudicataria achegará ao inicio da prestación do servizo a relación de garantías que conforman o uniforme indicando a cor, características e distintivos que a identifican, debendo achegar folletos onde aparezan fotografías que o documenten; así como relación do equipamento propio que portarán os vixilantes.

3. - PRAZO DE DURACIÓN DO CONTRATO

A duración inicial deste contrato será de **DOUS ANOS**, e poderase prorrogar, mediante acordo expreso do Concello e coa conformidade do contratista, por prazos máximos dun ano ata un máximo de **dúas prórrogas**. Para estes efectos, o contratista comunicará por escrito, cunha antelación de tres meses á finalización do contrato ou das súas prórrogas a súa vontade de que o contrato sexa ou non prorrogado. O Concello de Lugo adoptará acordo sobre a concesión e duración ou non da prórroga solicitada, que lle será comunicado ao contratista para continuar co servizo ou dar por finalizadas estas nas datas fixadas no anterior acordo.

4. - CONDICIÓN TÉCNICAS XERAIS

Ademais das comprendidas no Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do sector público e lexislación complementaria, para todos os efectos considerados como cláusulas deste prego, a prestación do servizo rexerese ademais pola seguinte normativa, no que se refire ás funcións de seguridade:

- 1) Lei 23/1992, do 30 de xullo, de seguridade privada.
- 2) R. d. 2364/1994, do 9 de decembro, polo que se aproba o Regulamento de seguridade privada.

Conforme ao artigo 1.3 da Lei de seguridade privada, Lei 23/1992, do 30 de xullo, o vixilante aterase nas súas actuacións aos principios de integridade e dignidade; protección e trato correcto ás persoas, evitará abusos, arbitrariedades e violencias, e actuará con congruencia e proporcionalidade na utilización das súas facultades e dos medios dispoñibles. No desenvolvemento das súas funcións deberá observar expresamente:

- 1 - Dilixencia á hora de cumprir as normas establecidas.
- 2 - Puntualidade á hora de incorporarse e abandonar o servizo.
- 3 - Prohibición absoluta de revelar calquera información relativa aos recintos e centros de traballo onde desenvolvan as súas funcións.
- 4 - Os vixilantes non poderán ausentarse do posto de traballo salvo causa xustificada, e notificarán previamente e coa suficiente antelación esta circunstancia aos responsables do dispositivo de seguridade.

O adxudicatario terá como obrigas específicas as seguintes:

- A adxudicataria garantirá que os vixilantes adscritos ao servizo de vixilancia obxecto do contrato a que se refire este prego de condicións particulares teñen a formación e capacidades necesarias para facerse cargo destas funcións.
- Na prestación do servizo, o contratista deberá someterse en todo momento ás instrucións, directrices e observacións que lle formule o funcionario municipal responsable na materia.
- O adxudicatario deberá estar ao corrente no cumprimento das súas obrigas fiscais e de Seguridade Social, tanto no que se refire a si mesmo coma ao persoal, respecto do cal será directo e único responsable, asumindo cantas obrigas de carácter laboral ou de calquera índole que se deriven das súas relacións, ás cales é alleo o Concello.
- O adxudicatario contará con vehículo axeitado, rede de radio de comunicación con boa cobertura dentro do municipio, teléfono móbil operativo e dotación persoal para que o vixilante do servizo poida actuar

con eficacia facilitando en todo momento a operatividade e coordinación co Concello.

- O adxudicatario deberá contar con medios para sinalización: fita de balizamento, valo e sinais para os casos de evento ou actuación dentro do recinto así como detector de metais.
- Os servizos contratados prestaranse conforme ao réxime de horario e calendario que fixe o órgano contratante, de acordo co adxudicatario, tendo a facultade de varialo en función do interese público.
- A entidade adxudicataria deberá presentar o correspondente seguro de responsabilidade civil, así como calquera outro que, pola natureza do servizo para realizar, fose de obrigada subscrición.
- Serán causas de rescisión de contrato, ademais das legalmente previstas, calquera alteración na prestación do servizo sen a previa conformidade do Concello, ou se hai realización defectuosa reiterada " .

5. - CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN

a) Oferta económica (6 puntos)

b) Bolsa de horas anuais sen custo para o Concello (4 PUNTOS)